

**ORDENANZA FISCAL Núm. 24 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE
MERCADOS.**

Artigo 1. Fundamento Xurídico.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co que se dispón nos artigos 15 ao 27 do RD lei 2/20014, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de mercado, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito Impoñible.

Constitúe o feito imponible desta taxa:

- a) A prestación dos diversos servizos establecidos no mercado de abastos*
- b) A ocupación, uso e goce de postos e/ou locais no mercado.*
- c) As transmisións do dereito de ocupación, uso e goce de postos e/ ou locais*
- d) As ampliacións ou cambios de actividade nos postos e/ou locais.*

Non estará suxeita a taxa a ocupación con carácter excepcional de postos para fins benéfico-asistenciais e/ou sen ánimo de lucro despois de declaración expresa polo Concello.

Artigo 3. Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiarios ou afectados polos servizos ou actividades gravados nesta ordenanza.

Artigo 4. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 de Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Base Impoñible.

Constitúe a base imponible da taxa o custo real ou previsible do servizo ou actividade ou, no seu defecto, o valor da prestación recibida.

Artigo 6. A Cota Tributaria.

A cota tributaria será a que resulte da aplicación das seguintes tarifas, segundo a natureza dos diversos servizos que a continuación se establecen:

a) *Prestación de diversos servizos:*

A tarifa por prestación dos servizos propios do mercado, como auga, luz, limpeza, etc. absórbense dentro da tarifa por ocupación.

b) *Ocupación de postos, casetas ou locais:*

A taxa por ocupación de postos, estrutúrase en razón das superficies ocupadas, producíndose as seguintes tarifas unitarias:

A) *Postos Fixos:*

Postos de tipo 1: 10,00€/M2/mes

Postos de tipo 2: 7,00€/M2/mes

Postos de tipo3: 4,00€/M2//mes

B) *Postos Non Fixos:*

Posto tipo 3: 2,00 €/ ML/Día Max 2 ML.

c) *Transmisións.*

As transmisións non devengan taxa ningunha, sendo precisa, en todo caso, a autorización expresa do Concello

d) *Ampliacións ou cambios de actividade.*

A ampliación non poderá ser parcial senón dun posto enteiro e devengar a mesma taxa que correspondese a calquer outra ocupación inicial. O cambio de actividade non devengar taxa por ocupación, senón a que se derive do propio expediente de actividade a cal deberá ser explicitamente autorizada polo Concello, despois da solicitude a efecto.

Artigo 7. Exencións e Bonificacións.

Non se recoñecerán outras exencións ou beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei, ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 8. Remuneración.

Devengarse a taxa e nace a obriga de contribuír:

a) *Dende o momento en que teña lugar a prestación do servizo ou utilización dos bens e instalacións, sen autorización municipal.*

b) *Tratándose de servizos xa autorizados e prorrogados, devengarse periodicamente o día 1 de xaneiro de cada ano.*

Artigo 9. Período Impositivo.

O período impositivo coincidirá co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento do uso do servizo ou actividade, en cuxo caso o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte rateo da cota, que terá lugar, en todo caso, por meses completos.

Artigo 10. Réxime de Declaración e de Ingresos.

A presentación da solicitude leva implícita a declaración das condicións materiais do posto a ocupar en caso de concesión, debendo producirse o ingreso unha vez aprobada esta polo

órgano competente e, en todo caso, antes da ocupación efectiva do posto.

Este Concello poderá establecer convenios de colaboración con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos da taxa, coa fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais, derivadas daquela, ou os procedementos de liquidación ou recadación.

Cando, por causas non imputables ao suxeito pasivo, o aproveitamento especial non se produza, procederá a devolución do importe correspondente.

Declaración.

Coa solicitude de autorización presentárase declaración polos interesados, para a súa liquidación e, no seu caso, pago dela na tesouraría municipal ou entidade colaboradora.

O pago da taxa realizarase:

a) Tratándose de novas autorizacións, por ingreso directo na tesouraría municipal ou entidade colaboradora designando polo Concello, sen o xustificante do cal non poderá retirarse a licenza.

b) Tratándose de concesións de postos, casetas e locais xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas no correspondente padrón municipal, por anos naturais, nas Oficinas da Recadación Municipal ou Entidade Colaboradora.

c) Nos demais casos, o pago realizarase con anterioridade ao momento da prestación do servizo.

Artigo 11. Normas de Xestión.

11.a) A taxa por ocupación fixa de postos e/ou locais do mercado xestionarase a partir do censo de postos do mercado, comprensivo dos datos identificativos dos obrigados ao pago e número de concesión ou posto. A partir deste censo de mercado, liquidaranse as cotas mensuais.

11.b) A taxa por ocupación non fixa de postos e/ou locais do mercado xestionarase o mesmo día da ocupación directamente polo encargado municipal unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e autorizada a ocupación (en estrita orde de entrada).As cules serán ingresadas con carácter semanal na tesouraría municipal ou entidade financeira colaboradora.

Artigo 12. Infraccións e Sancións Tributarias.

*En todo o relativo a infraccións tributarias así como ás sancións que a estas corresponden en cada caso, estarase ao que se dispón no **artigo 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.***

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Visto que para a efectiva prestación do servizo é necesaria por parte dos adxudicatarios de postos fixos a realización de gastos de "primeiro establecemento". Non serán de aplicación as taxas de ocupación dos postos fixos nun período mínimo de 1 ano e máximo de 2 anos en función do importe real dos investimentos a realizar:

- A. *Importe menor ou igual a 1.000,00 €..... Non aplicación 1 ano.*
- B. *Importe maior a 1.000,00 € e menor a 1.500,00€..... Non aplicación 1 ano e medio.*
- C *Importe maior 1.500,00 €.....Non aplicación 2 anos.*

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2015, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOP de Lugo (BOP núm. 82, de data 13/04/2015), e será de aplicación despois de transcorrido o prazo de 15 días, dende o seguinte á súa publicación no dito boletín, ata a súa modificación ou derogación expresas.